



## Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: [comitegalegoxuices@gmail.com](mailto:comitegalegoxuices@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.fgatlismo.es/cgx/>

<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

### COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

ACTA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA (20/09/2014)

**Data:** 20/09/2014

**Hora de comezo:** 16:32

**Hora de remate:** 21:28

**Lugar:** Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra)

<b>Asistentes:</b>	Eloy Bretal Cancelas	Presidente do CGX
	Ángel López-Montesinos	Vicepresidente do CGX
	Guillermo Sandino Leira	Secretario do CGX
	Antonio Domínguez Álvarez	Vocal Delegación de Pontevedra
	Manuel Garrido Toro	Vocal Delegación de Ourense
	Begoña Rodríguez Quintía	Vocal Delegación de Ferrol
	Miguel Martínez Larrea	Vocal Delegación de Vigo
	Montserrat Barrio	Vocal Delegación de O Barco
	Rogelio Santos Laíño	Vocal Delegación de Santiago
	Pablo Gandoy López	Vocal Delegación de Lugo
	Beatriz Rivas Murias	Vocal Delegación de A Coruña*

\*En representación de Rocío López Schmidt



## Acta da reunión

O Presidente saúda aos presentes e agradece aos delegados pola tempada que está a piques de rematar. Agradece o apoio a todos os delegados e o bo traballo realizado este ano que houbo que mover moitos xuíces entre delegacións. Comenta que Bea ven en representación de Rocío (delegada de A Coruña) que non puido acudir por motivos persoais.

Comeza o presidente comentando e distribuindo o proxecto de Regulamento do CGX. Informa de que é a FGA a que ten que aprobalo. Con el o CGX pretende ter por escrito os dereitos e obrigacións dos xuíces en Galicia e o funcionamento do Comité. Pregúntase a conformidade e aprobación dos delegados e todos mostran a súa conformidade. Eloy comenta que na próxima reunión da Xunta Directiva da FGA levarase para a súa aprobación (ou non) pola mesma. Tamén aproveita para comentar que na próxima xunta levarase un protocolo de homologación de Récores de Galicia (solicitado pola FGA a este Comité e redactado polo mesmo) para o seu estudio e aprobación se procede.

Continúase falando da figura do Xuíz Xefe de Transpondedor(JJT en diante). Eloy comenta que Galicia foi a primeira en implantar esta figura nas súas competicións autonómicas. En Galicia o Comité pensou que sería interesante ter nas nosas probas esta figura xa que, según o presidente, é indispensable hoxe en día debido aos problemas que temos cos equipos de transpondedores en ruta. O CGX o que quere facer nesta tempada é dar formación aos xuíces para que teñan os coñecementos para exercer este posto. Manolo Garrido comenta que moitas veces a ti como JJT danche unha folla cos descalificados pero que realmente na páxina web deles non aparecen estes atletas descalificados. Eloy comenta que agora mesmo non nos podemos meter no que unha empresa privada poña na súa web. Este problema o están a ter en varios sitios e posiblemente modifíquese o protocolo de homologación para arranxalo. Acórdase ser exisente co que publica a FGA nos resultados de probas populares.

Séguese co tema do II Congreso de Xuíces: Eloy informa que a data comunicada á FGA é o 22 de Novembro de 2014. A FGA presta o seu total apoio e colaboración co evento comprometéndose a non fixar ningunha proba federada en dita data. A intención é facelo na Coruña. O CGX correrá cos gastos de transporte sempre que os coches vaian cheos. Coméntase a forma de organizar as ponencias co acordo xeral. Insístese moito aos delegados en animar aos xuíces a acudir para dar continuidade a esta boa iniciativa.

Procédese co tema de licenzas: Coméntase o novo sistema de pago da mesma que se quere implantar e o novo sistema de pagos de actuacións a implantar pola FGA. Ábrese debate sobre o gran problema que xera na motivación de facer novos xuíces os sistema de pagos e os múltiples erros que hai cos mesmos que fai que os posibles rapaces novos que se poidan animar deixen de vir. Sobre o tema de auxiliares o presidente comenta que os auxiliares teñen a obriga de presentarse a xuíz nos exames de xuíz territorial que se convoquen. Debátese o problema da falta de xuíces en Lugo.



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

Continúase con tema do comportamento dos xuíces na pista. En liñas xerais o presidente comenta que nos felicitaron pola tempada. Puntualmente hai comportamentos que non podemos aceptar (discusións na pista, levantamento da voz, gritos...) Indica aos delegados que hai que ser taxante con estes temas. Comportarse coma se foran profesionais. Manolo comenta que o DR ten que estar pendente de estas cousas e manter a orde na pista, a imaxe e o bo comportamento dos xuíces. Comenta que quizás sería importante dar unha formación aos xuíces sobre forma de estar en pista, un bo sitio sería comentar isto no Congreso.

Sobre o tema de cursos Begoña pregunta como se vai facer o curso de transpondedor. Eloy comenta que estamos pendentes de si o CNJ da formación, se a da esperaremos a ver que xuíces acuden a esa formación e serán eles os que den o curso nas delegacións. Manterase informados aos delegados.

Volvendo ao tema do comportamento nas probas, é importante nas populares manter o bo comportamento dos xuíces e a boa imaxe. Comenta o tema que en algunha popular hai organizadores que te ofrecen pola súa vontade unha camiseta ou calquera outra cousa, se teñen a ben facelo que o fagan e dende este CGX non nos opoñemos a aceptalas ao final da proba. O presidente recalca que o que este CGX non acepta é ver a xuíces pedindo camisetas nin nada aos organizadores. Baixo ningún concepto.

Eloy cédelle a palabra a Ángel. que fala dos informes de XA e Xurados destacando que de Lugo e Pontevedra non envían ningún. Este CGX reenvía á FGA os informes con incidencias destacables ou algún problema que competa resolver a FGA.

Toca o turno de falar dos presupostos e gastos da tempada. Coméntase que os 3.000€ de presuposto fóronse no seminario de marcha, cursos de saídas, devolución do importe do examen de JN e JA . O presidente informa que a uniformidade e o Congreso non entran en dito presuposto. O presidente da FGA comunicou que correrán a cargo do presuposto federativo xeral.

Comeza o apartado de elexir candidatos á placa Ramón Docal. Ourense presenta a José María López del Río, Pontevedra a Berta Bretal Cancelas, Ángel presenta a Manuel Teijeiro García. Tras voto secreto os resultados son os seguinte: 8 votos Jose María, 2 votos Manuel Teijeiro e 1 voto Berta Bretal. Concédese a placa Ramón Docal a José María López del Río.

No que respecta á placa Juan Sastre comenta que o ano pasado se propuso a Carmela e por un erro deste CGX non se presentou a candidatura a tempo. Propón voltar a presentala este ano. Por unanimidade a aprobación xeral proponse presentar outra vez a Carmela como candidata do CGX á placa Juan Sastre.

Continuando coa elección de candidatos a Xuez Novel del Año Eloy propón a María Seco xa que é o último ano que se pode presentar. Manuel Garrido propón a Guillermo Sandino. En xeral apróbase que sexa María Seco a candidata de este ano polos motivos explicados anteriormente.

Remata o asunto das votacións co tema do Xuez del Año 2014. Coméntase que o que se debe ter en conta é o currículum do ano 2014. Manuel Garrido propón a Yolanda Pavón. Rogelio comenta que tamén Loreto Pérez Román é boa candidata. Beatriz propón a Javier Guijarro. Debátese sobre o tema e lévase a votación secreta cos seguintes resultados: Javier Guijarro 9 votos, Yolanda Pavón 2 votos e Loreto Pérez 0 votos. O candidato do CGX para Xuez del Año será Javier Guijarro.

A continuación Guillermo comenta un recado da responsable de marcha Dolores Rojas para informar de que previsiblemente nesta tempada entrará en vigor o tema do pit-lane en probas de pista ata xuvenís.



Manterase informado aos xuíces dos cambios e da regulamentación que redactará a RFEA.

Procédese a comentar o tema do examen de xuíz. Acórdase facer exame de xuíz territorial. Dende a FGA comprometéronse a facer publicidade do mesmo nas universidades. Debátese a data do examen. Tras debate elíxese a data do 14 de decembro. A organización da sede e examinador acórdase deixalo en mans do Comité.

Ángel traslada a petición do presidente da FGA para que os delegados envíen canto antes unha lista co número de actuacións de cada xuíz e o número de xuíces en cada proba da súa delegación nesta tempada. Pídese aos delegados que o envíen canto antes.

Comeza o turno de rogos e preguntas: Begoña pregunta por un asunto sobre a renovación de licencia de un dos seus xuíces. Coméntase que se consultará a Dolores que é a que ten os datos

Montse comenta que moitos dos seus problemas xa se trataran(tardanza nos pagos, pagos erróneos..). Engade o tema de licencia de un xuíz, consultarase con Dolores tamén.

Miguel comenta o problema de que o seu delegado federativo despreza a gran maioría de xuíces. Eloy informa de que trasladará esta queixa a Isidoro.

Beatriz comenta que cando Coruña pide coches moitas veces infórmase de que estes coches irán cheos pero logo o día da proba faltan dous ou tres xuíces ou os xuíces que veñen son diferentes aos que se informaron. Pide por favor máis seriedade neste tema xa que fai que se teña que cambiar o xurado a última hora. Eloy pide por favor insistir nestes temas aos delegados.

Guillermo comenta que tivo moitos problemas movendo xuíces este ano porque os delegados fan as peticións de xuíces moi tarde e ahí xa non hai marxe de manobra para pedir a varias delegacións se unha falla. Tras debate, Guillermo propón que o martes sexa o último día para pedir xuíces ao comité salvo forza maior. Os delegados ven dificultade niso pero comprométense a intentalo con fin de facilitar a labor do CGX.

Guillermo Sandino Leira  
(Secretario do CGX)